



**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DA  
CORPORACIÓN EN DATA 9 DE OUTUBRO DE 2014.**

**ASISTENTES:**

**ALCALDESA-PRESIDENTA:**

D<sup>a</sup>. María Loureiro García.

**CONCELLEIROS:**

D. Jesús Antonio Fernández Cal, D. Vicente Hermida Rodríguez., D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Isabel Rodríguez López, D. Carlos Alberto Gueimunde Cabaleiro, D<sup>a</sup>. Covadonga Viamonte Aguirar, D. Bernardo José Fraga Galdo, D. Manuel Galdo Dopico, D<sup>a</sup>. Olaia Casas Chaves, D. Antonio José Bouza Rodil, D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Jesús Vale López, D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> del Carmen Gueimunde González, D. Celestino Valentín García Paz, D<sup>a</sup>. Cándida Méndez Salgado, D. Guillermo Leal Arias e D. Jesús Fernández Fernández.

**AUSENCIAS:**

D. Jaime Eduardo de Olano Vela

**INTERVENTORA**

D<sup>a</sup>. Rosa Abelleira Fernández

**SECRETARIA XERAL**

D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Luz Balsa Rábade

Na Casa do Excmo. Concello de Viveiro, sendo as dezanove horas e trinta minutos do día nove de outubro de dous mil catorce, reúnense, en primeira convocatoria, os Sres. Concelleiros citados anteriormente, ó obxecto de celebrar a sesión ordinaria do Pleno da Corporación, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa, asistida de mín, que como Secretaria Xeral, certifico do acto do Concello. Excusa a súa asistencia D. Jaime Eduardo de Olano Vela,

Comprobado pola Secretaría a existencia do quórum necesario, declárase pola Sra. Alcaldesa aberta a sesión, polo que se procede a tratar os asuntos incluídos na Orde do Día.

**1.- APROBACIÓN DEFINITIVA DO ORZAMENTO DO CONCELLO DE VIVEIRO PARA O EXERCIZO 2014.**

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que se trata de resolver unha reclamación ó orzamento presentada polo Viveiro Club de Fútbol. Engade que na Comisión Informativa se debatiu e consta informe de Intervención no que se indica que non reúne as condicións para ser reclamación. Cédelle a palabra á Secretaria Municipal para que explique o proceder no suposto de existencia de reclamacións.

Intervén a Secretaria Municipal para dicir que según establece o artigo 169 do TRLRFL no suposto de existencia de reclamacións debe procederse no prazo dun mes a resolver sobre as mesmas co



obxecto de aprobación definitiva dos orzamentos estimando ou desestimando as mesmas, non podendo entenderse éstes aprobados definitivamente de forma automática. As reclamación só poden formularse polos motivos expostos no artigo 170 do TRLRFL. Neste suposto consta no expediente informe de Intervención no que se sinala que non cumpre os requisitos para considerarse reclamación, propoñéndose a súa inadmisión.

Intervén en representación do Grupo Municipal do P.P., D. Antonio Bouza Rodil, para dicir que o seu grupo se vai abster, porque hai un informe de intervención que di que non cumpre os requisitos, polo que non van ir en contra da legalidade. Indica que se absteñen para denunciar a nefasta xestión do goberno municipal en política deportiva, e pide que se reúna a comisión que se acordou crear no pleno de 2 de outubro de 2014. Engade que visto o visto sí ahi cartos para os clubs deportivos porque na prensa díxose que se ía negociar e se lle vai dar algo a este club, ademais dos 6.000 euros que se lles deben. Engade que entende que sexa unha subvención nominativa e pide que veña a este Pleno para saber canto se gasta e que os outros clubs se enteren e fagan o mesmo (convocar unha roda de prensa e desconvoalada dende que dende o goberno se chamen). Piden transparencia, engade que os que están alí sentados non teñen nada que ocultar, que él non, o resto di que non sabe. Pide que se diga como e cando se dá.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que o Viveiro Club de Fútbol pediu unha cita coa Alcaldesa e os recibiu. Engade que quen lles fixo as alegacións non lles soubo explicar a situación. Di que non se lles deben 6.000 euros e que dende o equipo de goberno se descoñecía a existencia desa roda de prensa.

Intervén en representación do Grupo Municipal do B.N.G., D. Bernardo Fraga Galdo para dicir que o seu grupo vai votar en contra de aceptar a reclamación polo agravio comparativo que se xeraría con outras asociacións deportivas e en virtude do informe de intervención, e, polo tanto, aprobar definitivamente o orzamento, sen aceptar a reclamación.

Intervén en representación do Grupo Municipal do i.V.i., D. Guillermo Leal Arias para dicir que o informe o dí claramente, o resto son devaneos. Engade que o apunte da transparencia que fixo o portavoz do P.P. non sabe a quen se refire, e di que dende i.V.i. están dispostos a aportar a documentación que se lles pida.

Non existindo máis debate procédese á votación, acordándose por 11 votos a favor, correspondentes ós grupos do P.S.O.E., B.N.G. e i.V.i., e 5 abstencións correspondentes ó grupo do P.P., inadmitir a reclamación presentada polo Viveiro Club de Fútbol, aprobando definitivamente os orzamentos municipais para 2014, sen ningunha variación respecto da aprobación provisional.

E non habendo máis asuntos que tratar, por parte da Sra. Alcaldesa levántase a sesión, sendo as 19:45 horas do día 9 de outubro de 2014, extendéndose de todo o tratado a presente acta, da que eu, como Secretaria, dou fe.